



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 14 DE

### XANEIRO DE 2013

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día catorce de xaneiro de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa dona Marta Maria Vázquez Golpe.

Intervén, como secretaria por delegación, dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

#### **1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de datas 2 e 7 de xaneiro de 2013.**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 2 e 7 de xaneiro de 2013 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asisten á sesión, aprobou os citados borradores.

#### **2º.- Correspondencia.**

- Resolución da Alcaldía de data do día 9 de xaneiro de 2013, na que se resolve avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Santiago Manuel Ríos Rama ata a súa reincorporación, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución núm. 999, de data 17 de xuño de 2011 e conferir á primeira tenente de alcalde, dona M<sup>a</sup> Jesús González



Roel, a delegación xenérica dos servizos e actividades municipais que integran a área de Cultura e Turismo, e que veñen reflectidos na Resolución de Alcaldía núm. 996, de data 17 de xuño de 2011, de creación das áreas de goberno local, ata a reincorporación do titular don Santiago Manuel Ríos Rama. Dona Maria Jesús González Roel asinou a aceptación con data do día 10 de xaneiro de 2013.

- Anuncio do Servizo de Fomento e Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes, Deputación provincial da Coruña. Corrección de erros. Convocatoria de programas de apoio á cultura e o deporte, dirixidos a concellos e outras entidades locais para actividades e investimentos durante o ano 2013. (Boletín Oficial do Estado número 9, de data do día 14 de xaneiro de 2013).

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que este fin de semana tivo lugar a competición de tiro con arco no pavillón de deportes dos Campóns, en Sigrás, con moita participación, preto de dúascentas persoas. O primeiro e o segundo premio foron para arqueiros de Cambre.

#### Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que se incorporou ao seu posto de traballo a arquitecta municipal.

A continuación, tamén informa que se remitiron a Patrimonio, na Coruña, as fotos das Casas Bailly e, en canto á apertura de entrada que lle ocasionaran, sinala que se tapou e se deu orde á Policía local para que inspeccionase máis a zona, co fin de que esto non volva a ocorrer.

Para rematar, dona Rocio Vila Díaz informa que entre esta semana e a vindeira, a empresa encargada da realización do Inventario entregará, en papel, unha copia do mesmo, para o seu informe polos técnicos correspondentes e posterior presentación para a súa aprobación inicial polo Pleno.



### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que a semana pasada se colocaron uns bolardos na confluencia da rúa Constitución coa rúa Profesor Monasterio, atendendo ás reclamacións presentadas polos veciños por motivos de seguridade vial, dado que había pouca visibilidade.

A continuación, informa que esta semana se prevé que se cambien os contedores situados no paso de peóns na rúa Estanque, O Temple, tal como se solicitara no Pleno.

Tamén informa que se están a limpar e desatascar os desaugadoiros das pluviais na rúa Constitución, no Temple. Engade que xa remataron as obras de reparación da fonte Sobrecarreira, en Sigrás, e quedou moi ben.

Para rematar, don Manuel Marante Gómez informa que realizarán unha campaña para informar das fontes que conteñen auga non tratada sanitariamente, mediante a sinalización con placas.

### Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que esta semana os profesores do colexio do Graxal comezarán a utilizar o aparcadoiro de vehículos.

A seguir, informa que hoxe comezan as conferencias impartidas por ADAFAC, no CEIP de Cambre e, para a semana, impartiranse no CEIP de Brexo - Lema e no Portofaro. Engade que agradece aos centros a colaboración mostrada.

Tamén informa que se está a estudar a posibilidade de instalar un quiosco no Temple, ao lado da Casa das Palmeras. Engade que haberá que estudar tamén os requisitos subxetivos e obxetivos que deberán rexer esta concesión.

Respecto da área de Cultura, informa que terá lugar unha reunión para elaborar o programa para o vindeiro entroido. Comenta que haberá festas infantís no Temple e en Cambre.

### Informes da alcaldía

O señor alcalde informa que o vindeiro día 24 de xaneiro terá lugar unha reunión dos técnicos e concelleiros de Protección Civil dos Concellos de Cambre, Oleiros e Culleredo para tratar de consorciar o servizo de protección civil, co fin de acadar un acordo que permita prestar este servizo as 24 horas. Estudarase e avaliarase onde situar a sede principal e quen realizará a parte operativa.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria por delegación, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria, por delegación



Verónica María Otero López